

**ADAPTACIÓN PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.
CURSO 2019/2020**

**CENTRO: CEIP PLURILINGÜE EULOGIO GÓMEZ
FRANQUEIRA
CURSO: 6º
MATERIA: LINGUA GALEGA
DATA: MAIO 2020**

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

0. XUSTIFICACIÓN LEGISLATIVA

O artigo 91 da LOE (L.O 2/2006 do 3 de maio) modificada parcialmente pola LOMCE (L.O. 9 /2013 do 9 de decembro) establece a programación das áreas e materias como a PRIMEIRA función do profesorado. Dita programación establécese como aberta e flexible.

A lexislación vixente establece 3 niveis de concreción curricular:

O primeiro nivel ven dado tanto polo RD 126/2014 de 28 de febreiro (currículo estatal de primaria) coma o D 105/2014 do 4 de setembro (currículo galego).

O segundo nivel serían as correspondentes concrecións curriculares establecidas polos centros educativos.

O terceiro nivel corresponde coas diferentes programacións didácticas elaboradas polo profesorado para cada materia.

O presente curso escolar 2019-2020 ten o seu calendario estipulado pola orde 20-6-19, dita orde establece un total de 175 días lectivos. O Real Decreto 463/2020 estableceu o estado de alarma (aínda vixente e en fase de desescalada), dito documento interrompeu a asistencia de alumnado e profesorado aos centros educativos dende o 14 de marzo de 2020. Como consecuencia directa o número de días lectivos con asistencia de alumnado interrompeuse en 115 días (71 días no primeiro trimestre e 44 no segundo).

A teleformación substituíu ás clases presenciais e o profesorado tivo que organizar nun espazo moi breve de tempo a continuidade da docencia durante o estado de alarma. A teleformación no noso centro está condicionada pola escasez de equipas informáticas e conexións a internet nos fogares do noso alumnado.

Tamén é preciso resaltar a mala calidade das conexións a internet no ámbito do noso centro (zona rural con escasa cobertura tanto de móbil coma de internet).

A dirección do centro sondeu as posibilidades de comunicación das familias dando coma resultado un 40% de familias sen equipas informáticas operativas ou conexión a internet. A situación deu coma conclusión 3 únicas vías de comunicación: páxina web do centro, perfil de redes sociais (Facebook) e Whatsapp. Valorando as opcións, determinamos o Whatsapp como a vía preferente de comunicación dado que o 100% das familias son usuarias habituais deste sistema.

Seguindo as instrucións do 27-4-2020 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia; débense modificar os elementos previstos inicialmente nas programacións didácticas establecidas a principios do presente curso escolar 19/20. Ditos cambios estarán referidos a:

- 1- Elementos curriculares avaliábeis

- 2- Modificacións metodolóxicas
- 3- Modificacións avaliativas.

| 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles | |
|--|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| B2.1. Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis) e iniciar a realización de inferencias para determinar intencións e dobres sentidos bastante evidentes. | LGB2.1.1. Comprende a información relevante de textos procedentes dos medios de comunicación social ou propios de situacións cotiás. LGB2.1.2. Identifica as ideas principais e secundarias dun texto (narrativo, descritivo, expositivo e argumentativo). LGB2.1.3. Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo, deducindo o significado de palabras e expresións polo contexto. |
| B2.2. Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de gráficos, esquemas e ilustracións. | LGB2.2.1. Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de gráficos, esquemas e ilustracións, relacionando esta co contido do texto que acompaña. |
| B2.3. Realizar o subliñado das ideas principais dun texto, e esquematizar e resumir o seu contido. | LGB2.3.3. Realiza o resumo dun texto. |
| B2.11. Amosar certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias. | LGB2.11.1. Aмосa autonomía lectora e capacidade de seleccionar textos do seu interese. |
| B3.2. Crear textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir, resumir, explicar e expoñer opinións, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación. | LGB3.2.1. Elabora, en diferentes soportes, textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos: cartas e correos electrónicos, mensaxes curtas, normas, programas... |
| B3.4. Elaborar textos breves e sinxelos con creatividade. | LGB3.4.1. Expresa nos seus textos de maneira imaxinativa ideas, sentimentos e/ou emocións; narra accións e presenta personaxes, obxectos e/ou lugares: carteis publicitarios, anuncios, cómics, contos, poemas, cancións, anécdotas.. |
| B3.7. Coidar a presentación dos traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación. | LGB3.7.1. Coida a presentación dos traballos escritos en calquera soporte. |

| 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles | |
|---|--|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, funcionalmente, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua. | LGB4.1.1. Recoñece as diferentes categorías gramaticais pola súa función na lingua: substantivo, artigo, pronome, adxectivo, adverbio, verbo, preposición, conxunción e interxección. LGB4.1.3. Diferencia as sílabas que conforman cada palabra, diferenciando a sílaba tónica das átonas. . |
| B4.2. Coñecer e aplicar as normas ortográficas xerais e as de acentuación en particular, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas. | LGB4.2.1. Aplica correctamente as normas de acentuación xerais e de acentuación diacrítica e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas. |
| B4.7. Ampliar o vocabulario a partir do uso do dicionario e do traballo e reflexión sobre as palabras que conforman a lingua. | LGB4.7.2. Recoñece e crea palabras derivadas (prefixación e sufixación) e compostas. |
| B5.1 Escoitar, memorizar, reproducir e valorar textos procedentes da literatura popular galega e da literatura galega en xeral. | LGB5.1.2. Valora os textos da literatura galega (oral ou non) como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal. |
| B5.3. Identificar as características dos diferentes xéneros e as figuras literarias, así como temas e tópicos recorrentes. | LGB5.3.1. Identifica as características principais dos diferentes xéneros literarios: narrativa, poesía e teatro. |

Trátase de seleccionar, da programación orixinal, aqueles criterios e estándares que repasaron das dúas primeiras avaliacións ou que se seleccionaron para avanzar contidos por consideralos imprescindibles.

Pódese usar este modelo ou pódese facer seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva (copiando e pegando)

2. Avaliación e cualificación

| | |
|----------------------------|--|
| Avaliación | Procedementos: (Seguindo a orde ECD 65/2015) <ul style="list-style-type: none"><input type="checkbox"/> Observación sistemática do traballo dos alumnos.<input type="checkbox"/> Probas orais e escritas.<input type="checkbox"/> Protocolos de rexistro.<input type="checkbox"/> Traballos de clase. |
| | Instrumentos durante as clases presenciais: <ul style="list-style-type: none">1. Probas orais.2. Controis de unidades e trimestrais.3. Caderno do alumn@.4. Traballos individuais. Instrumentos durante as clases telemáticas: <ul style="list-style-type: none">1. Tarefas propostas polo profesorado. |
| Cualificación final | <p>Tendo en conta o número de días lectivos, procederase ordinariamente da seguinte forma: Cualificacións do 1º trimestre 62% da nota final Cualificacións do 2º trimestre 38% da nota final A cualificación final do curso obterase coa seguinte fórmula: $\text{Nota do 1º trimestre} \times 0,62 + \text{nota do 2º trimestre} \times 0,38 = \text{nota final do curso}$. Aínda que se propoña este formato, analizarase cada caso individualmente buscando SEMPRE a mellor opción de cualificación final para cada neno ou nena. O traballo feito a partir da suspensión da actividade docente presencial SÓ puntuará en positivo e poderá supor ata un 10% de incremento na Cualificación final.</p> |

**método xenérico que empregamos para a recollida de información sobre a consecución dos obxectivos formulados: observación sistemática, análise das producións do alumnado, probas específicas, valoracións por escrito, recopilación de materiais...*

***ferramentas físicas que empregamos para levar a cabo os anteriores procedementos: cuestionarios, formularios, cadernos, exame oral, exame escrito, probas de control, traballos individuais ou en grupo, rubricas...*

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

| | |
|--|--|
| Actividades | Tarefas de repaso. Tarefas de recuperación. Tarefas de reforzo. Tarefas de ampliación. |
| Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade): | A teleformación substituíu ás clases presenciais e o profesorado tivo que organizar nun espazo moi breve de tempo a continuidade da docencia durante o estado de alarma. Valorando diversas opcións determinamos en primaria o uso de Whatsapp como a vía preferente de comunicación dado que as familias son usuarias habituais deste sistema. Non será imprescindible o uso de impresora aínda que o concello tense comprometido a imprimir e facer chegar o material ás familias. 1.A situación provocada pola metodoloxía non presencial fai que as actividades de aprendizaxe que se propón, aumente a importancia das seguintes estratexias: 1.1.Partir de coñecementos previos presentando a información de xeito que active a curiosidade e o interese do alumno/a polo contido. 1.2.Empregar unha linguaxe familiar que facilite a comprensión. 1.3.Facilitar o proceso de orientación antes, durante e despois a través dos medios de interacción dos que se dispón. 1.4.Coordinación entre o profesorado á hora de propoñer as tarefas ao alumnado para non sobrecargalo. |
| Materiais e recursos | Libros de texto, dispositivos móbiles, vídeos titoriais, materiais fotocopiados, audios, mensaxes de texto así coma chamadas de voz co alumnado e familias. A vía de comunicación preferente é Whatsapp. 1. Libros de texto. 2. Apuntamentos en diferentes formatos. 3. Audios e vídeos. 4. Actividades interactivas. 5. Enlaces a páxinas web. 6. Teléfono persoal dos docentes (whatsapp), páxina web e redes sociais do Colexio. |

4. Información e publicidade

| | |
|--|---|
| Información ao alumnado e ás familias | <ul style="list-style-type: none">➤ Plataforma de comunicación efectiva, Whatsapp:<ul style="list-style-type: none">○ Información ás familias e alumnos/as das actividades propostas, explicacións en diferentes formatos e solucionarios.○ Comunicación a través de correo electrónico (ceip.eulogio.gomez.franqueira@edu.xunta.es)➤ Redes sociais do Colexio.➤ Páxina web do Centro.➤ Chamadas telefónicas. |
| Publicidade | A adaptación da programación será publicada para o coñecemento de todas as familias polos seguintes medios: <ul style="list-style-type: none">• Páxina web do Centro. |